

An aerial photograph of a vast fleet of fishing boats, likely sardine boats, spread across a deep blue sea under a clear sky. The boats are small and numerous, creating a dense pattern of white wakes on the water's surface. In the foreground, the yellow and black striped deck of a larger vessel is visible, with a few people standing on it. The horizon shows distant landmasses.

Xosé de Cea

O que estou a dicir cando digo «Altri non»

EDICIÓN
la o vento
LAIOVENTO

ENSAIO

Xosé de Cea



Xosé de Cea (Barcelona, 1970) exerce a escrita en diversos ámbitos como poesía, narrativa e xornalismo. Traballou para La Voz de Galicia e o Sindicato Labrego Galego, editando máis de cen números do voceiro da organización agraria Fouce. Ademais, colaborou con xornais e revistas como A Nosa Terra, Nós Diario, Tempos Novos, Luzes, Cerna, Praza Pública, Página Abierta e Soberanía Alimentaria.

A súa obra publicada reflicte esta diversidade. En poesía, *Presencia da fenda* (2001), *Solsticio de río* (2010), *Vilareda* (2018), *Versos para alén da ponte* (2020) e *Dende a miña barricada de sofás e canapés* (2024). En narrativa infantil e xuvenil, *O lume dos sonhos* (2004), *Revolución Detrito* (2019) e *En terra rara* (2021). Para o público adulto, asinou en 2023 a novela autobiográfica *Coímbra*, e, como xornalista, plasmou a súa experiencia xunto aos Sem Terra do Brasil na crónica *Baixo a lona preta. Xornal de viaxe dun brigadista na Baía do MST* (2013).

O que move a dínamo

Recoñezo que a inspiración do título veume dada por senllos libros de dous monstros da narrativa contemporánea. O primeiro, do estadounidense Raymond Carver: *De que falamos cando falamos de amor* (*What We Talk About When We Talk About Love*); o segundo, baseado no anterior, do xaponés Haruki Murakami, publicado en galego baixo o título *De que estou a falar cando falo de correr*. Máis que por emulación, precisaba este título por puro prosaísmo, pois ao concibilo quería nomear un proceso de escrita co que pretendín pescudar as orixes do forte rexeitamento que xorde do máis fondo das miñas entrañas cando asumo a posibilidade de que a multinacional portuguesa Altri, apoiada no colaboracionismo do Partido Popular de Galicia e das súas empresas filiais, Xunta e Greenalia, constrúa a fábrica de celulosa soluble máis grande de Europa a cinco quilómetros da nosa casa. Coñezo de sobra todos os argumentos racionais que fan do Proxecto Gama unha monstruosidade porque traballo coa Plataforma Ulloa Viva, na medida das miñas posibilidades, na oposición ao seu desenvolvemento. E fágoo, decote, redactando boletíns, guións, panfletos, etcétera, onde difundimos a información que avala a nosa loita. Pero, dende o comezo, dende que souben que os promotores da iniciativa escolleran a chaira da Madanela á altura de Remonde para executar os seus plans, antes mesmo de que puidese coñecer calquera argumentación científica que xustificase a miña carraxe, unha dínamo visceral comezou a arrolar nos meus adentros imbuíndome dunha enerxía que me arrastraba, inevitablemente, cara á confrontación. Que estaba a mover a dínamo? De onde viña aquel pulo motriz? Cara a onde me arrastraba? A estas e outras preguntas tentei responder a través do presente texto sen outra pretensión que aclarar unha mente, a miña, que en demasiadas ocasións se encerella en circunloquios que non levan a ningures. Basicamente, tratábase de precisar o que estou a dicir cando digo «Altri non». Velaí.

Horizontes

O 7 de xuño de 1933, publicábase unha obra pioneira á hora de soletrear a identidade galega, daquela aínda balbucinte nas bocas dos homes e mulleres da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos (SEG): *Terra de Melide*¹. Tratábase da materialización dunha arela, a de botar luz co espírito da Ilustración sobre ese curruncho esquecido da xeografía ibérica chamado Galiza. Para levar a cabo a misión, uns anos antes, en 1929, un grupo de intelectuais abandonou temporalmente escribanías e aulas, calzou as botas e percorreu os camiños dunha comarca coa intención de estudala ferrado a ferrado, dende unha perspectiva multidisciplinaria: xeografía, historia, literatura, música, arqueoloxía, folclore, arte, heráldica... Nese senso, estaba «todo» por facer. E a intención era, precisamente, facelo «todo»: «Foi escolmada a terra melidán pol-o seu recoñecido intrínseco arqueolóxico i hestórico e pol-a posición central na Galiza, ben que cumprindo un dos fins da nosa institución, total-as rexións galegas terán de ser estudadas miudamente»².

Porque nos soños do Seminario de Estudos Galegos, institución promotora da obra, a *Terra de Melide* debía ser só a primeira dunha serie de comarcas á que seguiría o Deza e, despois, co paso dos anos, todas as demais. Para conquistar o país, quen sabe se para proclamar a nación, precisaban cartografiar primeiro os seus sinais de identidade.

Por desgraza, a sublevación militar de 1936 e a represión perpetrada polo fascismo na Galiza truncarían un proceso que batía frontalmente co proxecto, tamén identitario, dunha España grande e libre que se había impoñer a sangue e chumbo

1 Para documentar o proceso de escrita utilizouse a segunda edición facsimilar de *Terra de Melide*, publicada por Edicións do Castro en 1978 e prologada por Xosé Filgueira Valverde.

2 Otero Pedrayo, Ramón *et al.* (1933) *Terra de Melide*. Compostela: Seminario de Estudos Galegos.

durante as décadas vindeiras. O *Terra de Melide* saíu do prelo da Editorial Nós, en Compostela, da man de Ánxel Casal, quen por crimes coma este, sería tamén unha das case cinco mil vítimas do xenocidio franquista na Galiza. Ao SEG non lle había ir mellor. Tras o golpe de estado, as autoridades disolvérono ao consideralo ilegal e 77 dos seus socios foron asasinados ou represaliados. Daquela, reivindicar a identidade propia non deixaba de ser unha aposta a vida ou morte, unha defensa suicida da nosa «dignidade» colectiva.

Aposta a vida ou morte, tamén a todo ou nada. Boa mostra disto témola en que, pese á precariedade económica da editora, non se escatimaron medios con esta obra: 737 páxinas en gran formato, catrocentos gravados e tres mapas para vender nun mercado nada propicio.

A marxe do sempre cativo beneficio co que traballou Ánxel Casal, para quen a editorial era un medio de achegar a cultura ao pobo e non un negocio para enriquecerse, tivo estreiteces económicas decotío. As posibilidades editoriais na Galicia dos anos vinte e trinta do pasado século eran moi limitadas, debido en boa parte ao baixo nivel cultural que posuía por entón unha poboación maioritariamente agrícola. O nivel de analfabetismo superaba a media española e incrementábase na poboación feminina. Se lle engadimos a exclusión do idioma galego dos circuitos educativos e das institucións administrativas, é fácil deducir que toda empresa dedicada á edición de libros debería facelo en condicións bastante restrinxidas, que aínda se agravaban máis cando se trataba de editar en galego³.

Este foi, sen dúbida, o traballo máis ambicioso da Editorial Nós e saíu adiante grazas ao financiamento do propio Seminario de Estudos Galegos, cuxos proxectos literarios adoita-

3 Bangueses, Mercedes (2007) «A ilustración do libro en Galicia. Ánxel Casal ao servizo do libro galego». En: *Ánxel Casal, un editor para un país: Catálogos de Lar e Nós*. Consello da Cultura Galega e Seminario de Estudos Galegos.

ban osixenar as maltreitas contas do prelo pois, ademais de promotor de obras, tamén era o mellor cliente da empresa de Casal. O contrato asinado entre Nós e o Seminario testemuña o calibre do desafío que supuña o *Terra de Melide* para ambas entidades e, xa que logo, para o galeguismo. No documento contractual, o SEG comprometéase a pagar 16 pesetas por prego (sen contar encadernación, ilustracións e papel) dunha tirada inicial de cincocentos exemplares, facendo entrega de 2000 pesetas de entrada e aboando outras 2000 durante o proceso de impresión coa achega final do que fose necesario para cubrir os custos totais⁴. Finalmente, imprimíronse 450 exemplares e, para financiar a tirada, contouse, a maiores, coa colaboración económica do Concello de Melide, ademais das institucións e particulares que xa apoiaban habitualmente este tipo de actividades. Porén, o impacto social que tivo non estivo á altura do esforzo. Un ano despois de publicado, só se venderan 153 exemplares. Do resto, 146 tíñaos o propio SEG e os 151 restantes, a editorial. Cun prezo de venda ao público de trinta pesetas por unidade, nunha sociedade onde as persoas galego-falantes eran maioritariamente analfabetas, cun mercado editorial onde era raro que un libro superara as tres pesetas e que mantiña marxinada a literatura na nosa lingua, non sorprende a cativa resposta comercial⁵. O custo pecuniario de primeiras e humano despois son un bo indicador do caras que poden chegar a ser a defensa e a construción das identidades.

4 Iglesias, Xabier (2014) «Terra de Melide». En: Os libros de Ánxel Casal [en liña]. Dispoñible en: <http://oslibrosdeanxelcasal.blogspot.com/2014/05/terra-de-melide.html>.

5 Ares Rúa, Miguel (2010) «O libro “Terra de Melide”». En: Historia e moito máis [en liña]. Dispoñible en: <http://asociacionalverde.blogspot.com/2010/11/o-libro-terra-de-melide.html>.

Sendo como foi o *Terra de Melide* un punto de partida do Seminario de Estudos Galegos de cara a forxar a identidade galega, e sendo como eu son melidense de padrón e adopción, antóllaseme como un espazo idóneo a partir do cal realizar uns apuntamentos e reflexións ao redor da Galiza que herdamos e, por extensión, da identidade que estamos a forxar os galegos e as galegas na habitación do seu territorio. Un xeito de aceptar parcialmente o desafío que propón Filgueira Valverde no limiar da edición de 1978, onde expresa o seu desexo dun novo estudo actualizado con «adicións e confrontacións da realidade de hoxendía ca que esculcaron os nosos investigadores na súa xeira»⁶.

Quen inaugura o libro é Ramón Otero Pedrayo cun estudo xeográfico da comarca: «O coñecimento do país galego dáballes azos pra tenzoar un vívido painel, certamente antolóxico, da Terra de Abeancos»⁷. Non semella azarosa a elección do autor e do tema: un dos máis fondos indagadores na cuestión identitaria galega a través de novelas como *Arredor de si* foi o encargado de estudar a xeografía da bisbarra, área de coñecemento da que era responsable no SEG e da que exercía como catedrático en Ourense. Non en van, os elementos xeográficos son, posiblemente, os máis perdurables á hora de modelar a personalidade dun pobo, os que encaixan con maior enteireza o paso do tempo, os que terman no fragor milenario provocado polo máis letal dos elementos abrasivos: o esquecemento. Nos Montes do Bocelo dáse unha ilustración inmillorable desta idea cando contemplamos, por unha banda, a mole granítica en máxico equilibrio da Pena da Moura; e, a un quilómetro de distancia seguindo o Camiño Real, os restos que aínda se conservan, dende que se erguera como mámoa hai cinco mil anos, do

6 Filgueira Valverde, Xosé (1978) *Terra de Melide*. Sada: Edicións do Castro.

7 *Ibidem*.

dolmen do Forno de Mouros. Un e outro rematarán perecendo, pero na escala temporal das eras e dos eóns, a Pena da Moura e o cordal onde se asenta levan as de gañar. Se utilizamos este baremo, arrepía pensar na fragilidade doutros elementos básicos e imprescindibles da nosa identidade, como a lingua galega, tan noviña ela en comparación coa Pena da Moura e o Forno dos Mouros, pero tan avellentada e decrépita con mil primaveras menos na conta atrás cara ao seu deceso.

O traballo de campo do *Terra de Melide* realizárase en tres campañas durante o verán de 1929. Na primeira delas, en xuño, participaría Otero Pedrayo. Co caderno de notas no macuto, don Ramón buscaría cotas elevadas dende as que contemplar a xeografía melidense en toda a súa extensión. A primeira das referidas foi o Castro Pedro, a 650 metros de altitude (691 metros nas páxinas que lle dedica Florentino Cuevillas no *Terra de Melide*), tamén os Montes do Bocelo, a cabalo das parroquias de Folladela, en Melide, e Ordes, en Toques⁸: «Non hai millor lugar pra abranguer as larganzas e variedás da bisbarra melidense»⁹.

Como un notario da paisaxe, Pedrayo irá levantando acta de horizontes rubricándoos nunha serie de bosqueños minimalistas. O seu testemuño proporcióname modelos idóneos a partir dos cales facer unha crónica da evolución da sociedade galega durante o último século:

8 ABEANCOS.gal (s.d.) «Castro Pedro». En: Abeancos.gal [en liña]. Dispoñible en: <https://www.abeanco.sgal/elemento/castro-pedro>; López Cuevillas, Florentino (1933) «Prehistoria de Melide». En: *Terra de Melide*. Compostela: Seminario de Estudos Galegos.

9 Otero Pedrayo, Ramón *et al.* (1933) *Terra de Melide*. Compostela: Seminario de Estudos Galegos.

...o Farelo piramidal loce presidindo os aduviñados chaos da Ulloa, e a Terra de Montes corre ó lonxe, cos seus perfíles soílo determiníñables pro un ollo acostumado o Coco e o Cendán. Dentro distes marcos as dúas grandes rexións de penichaos que divide o Ulla desenvólvense en chaos griseiros nos que o sol deixa ver algún val sinalado, o perfil do Castro Marcelín na terra da Golada, e na de Melide toda-las zonas que temos sinalado: negrexan os piñeirás da encosta do Ulla, recórtanse os lombos da rexión intremedia, espállase a gándra de Meire e o campo de Melide e vese ós nosos pés as zonas sub-montanas¹⁰.

Aínda que Otero Pedrayo só nos fala da Terra de Melide, xa que esa era a comarca que o Seminario de Estudos Galegos se propuxera estudar, a vista dende o Castro Pedro vai máis alá ao permitirnos ver boa parte da Terra do Medio. Este termo foi acuñado polo escritor aqualatense e melidao Xosé Vázquez Pintor para referirse, xustamente, a esa cerna xeográfica da Galiza que constitúen:


A Ulloa, Terra de Melide, Tabeirós, O Deza... Eran ferrados de labradío e monte manso; arcas de centeo, cabaceiros de millo, parroquias de subministración, casas paridoras con nome e apelidos que se daban á fuxida cando a fame era moita e a noite longa, sine die nas portelas da esperanza. Somos da Terra do Medio¹¹.

De aquí en diante, referireime á bisbarra da que me sinto fillo, ulloán de berce e melidao de adopción, coa nomenclatura acuñada polo poeta de Quián, o lugar da parroquia de Carmoega, en Agolada, onde se criou o noso egrexio escritor: a Terra do Medio.

Pero volvamos ao primeiro horizonte referido por Otero Pedrayo, o contemplado dende o Castro Pedro mirando cara ao norte. Este foi o bosquejo que nos deixou, o primeiro que aparece no estudo xeográfico do *Terra de Melide*:

¹⁰ *Ibidem*.

¹¹ Vázquez Pintor, Xosé (2009) *A Terra do Medio*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.



Horizonte 1: o Coto da Andoriña visto por Otero Pedrayo en 1929¹².

12 Otero Pedrayo, Ramón *et al.* (1933) *Terra de Melide*. Compostela: Seminario de Estudos Galegos.

ÍNDICE

O que move a dínamo	9
Horizontes	10
Mámoas, úteros e cavorcos	41
Thoreau	65
Dignidade	81
Agradecimentos	94